



## **CIRCULAR 23-2020.**

### **V CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o V Control en Pista Cuberta o día 8 de febreiro de 2020, na pista cuberta do Pazo dos Deportes de Riazor en A Coruña.

**Art.2).** Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

<b>V CONTROL INVERMNO FGA</b>				
<b>HORA</b>	<b>PROBA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>SEXO</b>	<b>PARTICIPACIÓN</b>
10:00	Lonxitude	Abs	Homes	8
10:00	1000	Sub 14-12	Homes	20
10:15	1000	Sub 14-12	Mulleres	20
14:10	50	Abs	Homes	80
14:55	50	Abs	Mulleres	80
15:35	800	Abs	Homes	8
15:40	800	Abs	Mulleres	8
15:46	1500	Abs	Homes	8
15:52	1500	Abs	Mulleres	8
16:00	1000	Sub 16	Homes	20
16:15	1000	Sub 16	Mulleres	20
16:30	300	Sub 16	Homes	12
16:45	300	Sub 16	Mulleres	12
19:50	Altura	Sub 16	Homes-Mulleres	12
19:50	Triplo	Abs	Homes-Mulleres	4+4
20:00	50 mv	Abs	Mulleres	12
20:10	50 mv	Sub 18-16	Mulleres	12
20:20	50 mv	Sub 14	Homes-Mulleres	12
20:35	50 mv	Sub 16	Homes	12
20:45	50 mv	Sub 20	Homes	12
21:00	50 mv	Abs	Homes	12
21:10	200	Abs	Homes	12
21:15	200	Abs	Mulleres	12

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018-2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

**Art.3).** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 50 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do/a atleta.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.4).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo ou atletas independentes galegos/as

**Art5).** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do martes 4 de febreiro. existirá unha cota de inscrición de 3 Euros e de 5 € para os/as atletas con licenza por outra comunidade autónoma.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o xoves 6 de febreiro ás 12:00 e sempre coa autorización da ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal))

**Art6).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.7).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.8)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 1 de febreiro de 2020



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**